

NOTA DE PRENSA (9/8/2021)



A Asociación Cultural Castiñeiro Milenario de Begonte vai organizar a **Novena edición do Festival 27373** que terá lugar o sábado 14 de agosto no **Club Fluvial de Begonte** que presta as súas instalacións para a celebración deste festival.

Contra todo prognóstico e dadas as circunstancias sociais e de pandemia que estamos a vivir, Castiñeiro Milenario vai celebrar unha nova edición do seu Festival 27373 de música en Galego. Un festival en formato reducido e cunhas medidas de seguridade acorde aos tempos que nos toca vivir.

O Festival 27373 caracterízase por ser o único festival do Concello de Begonte, un dos poucos festivais cunha programación íntegra en Galego, que apoia a grupos emerxentes e que nos últimos anos conta, polo menos, cun grupo integrado maioritariamente por mulleres. Unha aposta pola lingua e pola visibilización da muller nos escenarios. Nesta ocasión o 50% dos músicos son mulleres.

A diferenza doutros anos, o Festival vai ter unha única programación de día que contará con tres eventos. Unha **sesión vermú**, que contará coa presenza da **Foliada de Bosende**, que fará un pequeno pasarrúas, gardando as distancia e medidas de seguridade. Pola tarde, a partir das catro e media, comezará o moi esperado **IX Aberto de Billarda**, un aberto con aforo limitado, protocolo COVID-19 e con inscrición previa que se pode facer na seguinte dirección bit.ly/billarda27373. Para rematar teremos dous concertos, **Troupelear** e **Acordeireta**, dous xeitos diferentes de abordar a música tradicional galega. Ámbolos dous concertos teñen aforo limitado e cómpre rexistrarse na seguinte páxina para poder acceder e ver o protocolo COVID que se vai empregar, bit.ly/entradas27373.

Agardemos que sexa un bo día para pasar ao carón do río, xantando e compartindo sobremesa nunha zona que conta con tódolos servizos, nun entorno de ribeira perfectamente acondicionado e coidado, onde se pode gozar dun baño, xantar nalgunha das mesas ou mesmo no campo e pasear á beira do río ao tempo que participamos nas distintas actividades. Pregamos que as persoas asistentes cumpran a normativa e gocen da CULTURA, algo que, por desgraza, nos últimos tempos, non podemos facer.

Esta edición non sería posible, sen o traballo desinteresado das persoas que compoñen a asociación e que, nuns tempos moi complicados, decidiron sacar adiante unha nova edición do Festival. Salientar tamén que sen o pulo e axuda do **Concello de Begonte** e as

facilidades do **Club Fluvial de Begonte** esta edición non sería posible.

Adxunto vai o cartel do festival, adaptación de **Marcos Vigo**, que nun tempo récord redeseñouno para a edición deste ano.

Asociación Cultural Castiñeiro Milenario